

5. Principios de actuación ante un procedemento

5.1. Comunicar uns feitos

Comunicar uns feitos é notificar a outros uns feitos ou unhas sospeitas fundadas, isto é, implica trasladar información que nos parece relevante a outra instancia (ex. á Dirección do centro, á Inspección educativa, a Servizos Sociais, Servizo de Menores, Fiscalía de Menores...). Cando percibimos algunha situación que nos preocupa e temos algún indicio obxectivo podemos poñelo en coñecemento doutras persoas/entidades que poidan estar implicadas na protección da infancia e deban facer algunha intervención.

O centro límitase a poñer en coñecemento doutras Administracións uns feitos dos que ten constancia e que, ao seu xuízo, poden supoñer unha situación de violencia para o alumnado. Con este acto, o centro non xulga a veracidade dos feitos nin criminaliza as persoas sospeitosas de telos cometido. Non é competencia do centro facer un xuízo.

Neste fase do procedemento cómpre coidar que non se produza contaminación de declaracións e xuízos de valor. Polo tanto, para arrancar as actuacións daráselle credibilidade ao testemuño da vítima co fin de garantir a necesaria protección. As actuacións procedementais e as medidas precautorias que se acorden por parte do centro (ou no seu caso, do xulgado) non presupoñen a culpabilidade do suposto agresor senón a activación do principio de protección. Así pois, o centro non realiza ningún axuízamento senón que coa súa actuación cumpre coa súa obriga no deber de protección das posibles vítimas.

5.2. Intepoñer unha denuncia

O centro pon unha denuncia cando acode persoalmente a un xulgado de garda, á comandancia da Garda Civil ou á comisaria da Policía Nacional para abrir unha dilixencia ante un acto que se intúe como delitivo (sospeita delitiva). En calquera caso, ao non ser parte da acusación nin da defensa, o seu papel no procedemento é como testemuña de referencia.